

A continuación paso a explicarles as actividades propostas segundo os niveis educativos:

. As actividades para E.S.O dividirémolas en catro bloques:

Actividade	Duración	Descrición	Material
Charla explicativa da figura do Merdeiro	20 minutos	Explicarémolles a figura do Merdeiro inserido no entroido vigués facéndolles unha breve introdución sobre que é o entroido, cales son as súas manifestacións na Galiza centrándonos nas súas figuras máis destacadas (A Pantalla, o Peliqueiro, o Boteiro, o Cigarrón, os Xenerais do Ulla ou o Vergalleiro.) Para esta actividade utilizaremos como apoio didáctico unha presentación en power point.	Ordenador e reprodutor.
Visualización do documental <i>O Merdeiro, a recuperación.</i>	20 minutos + 10 minutos (para preguntas que podan xurdir)	Coa intención de que visualicen ó Merdeiro “en acción” proxectarémolles o vídeo <i>O Merdeiro, a recuperación.</i> Esta proxección, consideramos, que levará uns 20 minutos pois, moi posibelmente, non se mostre o vídeo enteiro (cuxa duración é de 30 minutos escasos), se non que tentaremos seleccionar as esceas máis significativas.	Ordenador e reprodutor.
Normas do comportamento co Merdeiro	10 minutos	É moi importante que, ademais de coñecer a figura do Merdeiro, saiban que deben convivir con ela durante o entroido, polo que lle propoñeremos cun xogo fixar unha serie de “normas de comportamento” con ela. Esta actividade está baseada no coñecidísimo xogo do “aforcado”. A partir dunha serie de letras proxectadas na aula os alumnos en grupo deberán achar unha frase na que se lles explican as normas básicas de interacción co Merdeiro.	Ordenador e reprodutor.
Caracterización do Merdeiro.	30 minutos	Que mellor forma de coñecer un personaxe que vestíndose como el? Por elo propomos caracterizar coa roupa do Merdeiro a un grupo de alumnos (non todos por cuestión de tempo) que interactúen co resto dos seus compañeiros.	Vestimenta do Merdeiro.

. Para 6º de Primaria propomos as seguintes actividades:

Actividade	Duración	Descrición	Material
Charla explicativa da figura do Merdeiro	20 minutos	Explicarémolles a figura do Merdeiro inserido no entroido vigués facéndolles unha breve introdución sobre que é o entroido, cales son as súas manifestacións na Galiza centrándonos nas figuras máis destacadas (A Pantalla, o Peliqueiro, o Boteiro, o Cigarrón, os Xenerais do Ulla ou o Vergalleiro.) Para esta actividade utilizaremos como apoio didáctico unha presentación en power point .	Ordenador e reprodutor.
Visualización do documental <i>O Merdeiro, a recuperación.</i>	10 minutos	Coa intención de que visualicen ó Merdeiro “en acción” proxectarémolles unha serie de secuencias significativas do vídeo “ <i>O Merdeiro, a recuperación</i> ”.	Ordenador e reprodutor.
Xoga co Merdeiro e coa lingua	35 minutos	Neste bloque propomos unha serie de actividades para realizar de forma individual e en grupo. Para saber se ficou claro todo aquilo que explicamos con anterioridade faremos un xogo que consistirá en preguntarlle polos aspectos tradicionais que gardan relación co entroido (comidas típicas, o seu calendario...) dándolle a inicial da resposta de aquilo que preguntamos a que, se é correcta sairá unha imaxe relacionada coa mesma proxectada na pantalla. De seguido, nunha presentación en power point visualizaremos imaxes dos diferentes personaxes do entroido tradicional ás que, en grupo deben de poñerlles nome. Xa por último proporcionaremos os alumnos de 6º de Primaria unha ficha que deberán cubrir. A ficha consta de dous exercicios sinxelos; Nunha foto dun Merdeiro deben colocar o nome da vestimenta e complementos característicos deste personaxe. O segundo exercicio desta ficha consta dunha sopa de letras onde deben achar aqueles aspectos que caracterizan esta figura tradicional.	Ordenador e reprodutor.  Fichas 6º Primaria
Caracterización do Merdeiro.	25 minutos	Que mellor forma de coñecer un personaxe que vestíndose como el? Por elo propomos caracterizar coa roupa do Merdeiro a un grupo de alumnos (non todos por cuestión de tempo) que interactúen co resto dos seus compañeiros.	Vestimenta do Merdeiro.

. Para os niveles de 4º e 5º de Primaria:

Actividade	Duración	Descrición	Material
Charla explicativa da figura do Merdeiro	15 minutos	Explicarémolles a figura do Merdeiro inserido no entroido vigués facéndolles unha breve introdución sobre que é o entroido, cales son as súas manifestacións na Galiza centrándonos nas figuras mais destacadas (A Pantalla, o Peliqueiro, o Boteiro, o Cigarrón, os Xenerais do Ulla ou o Vergalleiro.) Para esta actividade utilizaremos como apoio didáctico unha presentación en power point.	Ordenador e reprodutor.
Xoga co Merdeiro e ca lingua	25 minutos	Neste bloque propomos unha serie de actividades para realizar de maneira individual e en grupo. Para saber se ficou claro todo aquilo que explicamos con anterioridade faremos un xogo que consistirá en preguntarlles polos aspectos tradicionais que gardan relación co entroido (comidas típicas, o seu calendario...) dándolles a inicial da resposta de aquilo que preguntamos a cal, se é correcta sairá unha imaxe relacionada coa mesma proxectada na pantalla. De seguido, nunha presentación en power point visualizaremos imaxes dos diferentes personaxes do entroido tradicional ás que, en grupo deben de poñerlles nome.	Ordenador e reprodutor.
Obradoiro de confección de careta e complementos do Merdeiro.	30 minutos	Presentamos un obradoiro de confección de caroutas de papel para que, tomando como base unhas fotocopias coa máscara do Merdeiro, os nenos as decoren ó seu gusto e as recorten para facer das mesmas unhas caroutas coas que, na actividade posterior, dramatizarán ó Merdeiro.	- Fotocopias carouta do Merdeiro. -Lápices de Cores -Rotuladores -Tesoiras -Pegamento -Gomas
Caracterización do Merdeiro.	20 minutos	O material realizado na actividade anterior servirá para vestir ós nenos de Merdeiros e darlles así a oportunidade de ser un deles por un día!	Complementos do Merdeiros

\*A pesar de que os nomes das actividades coinciden en algúns niveis, hai que salientar que as actividades corresponderanse ó nivel educativo dos nenos en cuestión. Non será nunca igual unha charla para os da E.S.O. que para os de 4º de Primaria, nin no contido da información, nin nos exemplos, nin nas imaxes, etc que poidamos utilizar.